

Índice do contido

Manual para monitores/profesores nos cursos de Alfabetización TIC para adultos empregando o material didáctico “Docendo discimus”.....	2
Que material empregar?.....	2
Nota importante:.....	2
Máquinas do alumnado.....	2
Galeguizar.....	2
Locales “es” ou “pt” no canto de “en”.....	3
Orde de presentación das unidades.....	4
Descrición do contido das unidades.....	5
Aceso.....	5
Apagado.....	5
O_rato.....	5
Practicas_rato.....	5
O_escritorio.....	5
O_Teclado.....	6
Traballo_escritorio-Parte_1.....	6
Traballo_escritorio-Parte_2.....	6
Traballo_ventas.....	6
Anexos.....	8
Anexo 1.....	9

Licenza:

Este material, incluídas as presentacións, vídeos etc. son propiedade de [Miguel Anxo Bouzada](#) quen cede todos os dereitos a [GALPon](#) (Grupo de Amigos Linux de Pontevedra).



Asemade, este material publícase baixo licenza [Creative Commons](#)
[Recoñecemento Compartir igual versión actual 3.0](#) (Attribution ShareAlike
 Aliases: CC-BY-SA Current version: 3.0)

Manual para monitores/profesores nos cursos de *Alfabetización TIC para adultos* empregando o material didáctico “*Docendo discimus*”.

Que material empregar?

O máis axeitado é empregar as presentacións “.odp” reproducidas con OpenOffice impress. Hai dúas versións, a versión fonte que é a máis pesada (a nivel de recursos da máquina) e unha versión cuxo nome remata en “_M” (as contidas no cartafol ODP) que está “minimizada” á calidade dun proxector, ou o que é o mesmo os gráficos axustados a 150 ppp.


Empregando calquera das dúas deberase axustar o tempo de transición entre diapositivas a “facer clic” para ter o maior control posible sobre os tempos.

Algunhas presentacións incorporan un vídeo, este está aloxado no mesmo cartafol que a presentación propiamente dita, isto non é recomendable modificalo, para iso incorporamos paquetes comprimidos das presentacións que levan vídeos incrustados.

Deberemos ter coidado si facemos reaxustes de tempo naquelas presentacións que inclúen vídeos, xa que si o tempo de transición é menor que o de duración do vídeo, este será cortado en cuanto se alcance o tempo de transición.

Así mesmo, xa que as presentacións inclúen películas, o sistema reprodutor debe ter instalado o módulo “gstreamer” que é o predeterminado en gnome, noutros escritorios ou, quizais, nalgunha distribución, se non se reproduce o vídeo será o primeiro que debades comprobar.

As presentacións en vídeo están feitas, fundamentalmente, para entregarlle unha copia ós asistentes ó curso e para os casos en que non se teña a posibilidade de empregar o “impress”.



Nota importante:

Non é doado facer unha conversión a PDF ou a SWF, xa que a maioría das diapositivas levan algunha animación e esta conversión “aplana” toda a diapositiva resultando, na maioría dos casos, ilexible ou inútil.

Máquinas do alumnado.

Galeguizar

As máquinas do alumnado deben ter instalado Ubuntu 8.04 Hardy Heron en galego.

Caben dúas posibilidades, facer unha instalación específica ou, se xa hai un sistema Ubuntu 8.04 instalado, crear un usuario novo de nome “galpon” e co contrasinal “galpon”.

Recomendo que na post instalación de Ubuntu 8.04 fagamos a instalación de “AraOS” ó fin de galeguizala o mellor posible.

Metodo:

Engadir o “repo” de mancomun

```
deb ftp://ftp.mancomun.org/ubuntu hardy main
```

ou, se hai problemas cun proxy

```
deb http://ftp.mancomun.org/ubuntu hardy main
```

É coa mesma instalar:

```
sudo apt-get update
```

```
sudo apt-get install mancomun-keyring
```

```
sudo apt-get install araos-g11n language-pack-gl language-pack-gl-base
```

ademáis imos a instalar os xogos precisos para as prácticas

```
sudo apt-get install gcompris ktuberling
```

Locales “es” ou “pt” no canto de “en”

Nalgunhas aplicacións e menús que non estean total ou parcialmente traducidas ó galego aparecen mensaxes en inglés, se desexamos que na ausencia do galego apareza en castelán (ou en portugués) teremos que facer o seguinte:

Instalar desde “*Sistemas* → *Administración* → *Sophote de idiomas*” o idioma desexado.

Despois, editar (como “root”) os ficheiros

/etc/ environment

e

/etc/default/locale


e onde lemos: `LANGUAGE="gl_ES:gl:en_GB:en"`

modificar a cadea por: `"gl_ES:gl:es_ES:es:en_GB:en"`

ou por: `"gl_ES:gl:pt_PT:pt:en_GB:en"`

tamén poderíamos empregar o portugués do Brasil así: `"gl_ES:gl:pt_BR:pt:en_GB:en"`

é moi importante respetar a orde!



Orde de presentación das unidades

A orde preestablecida será a seguinte:

1. Aceso
2. Apagado
3. O_rato
4. Practicas_rato
5. O_escritorio
6. O_teclado
7. Traballo_escritorio-Parte_1
8. Traballo_escritorio-Parte_2
9. Traballo_xanelas

No caso das tres primeiras unidades, si se fan sesións de 1:30 a 2:00 horas, débese seguir a

seguinte orde:

1. Acceso
2. O_rato
3. Apagado

De todos os xeitos isto queda a elección de cada un de vos para que as organicedes como mellor se vos axeite.

Descrición do contido das unidades

Acceso

- Acceso (eléctrico)
- Autenticación.

Apagado

- Apagado
- Reinicio
- Outras opcións

O_rato

- Descrición de tipos de ratos.
- Uso dos botóns

Practicas_rato

Exercicios empregando:

- Gcompris
- O Nacho pataca (ktuberling)

O_escritorio

Descrición das distintas partes dun escritorio:

- Área de traballo
- Barras de tarefas
 - Componentes das barras de tarefas
 - Os menús

- Iniciadores rápidos
- Área de notificación
- Agachar/Amosar escritorios
- Aplicacións activas
- Escritorios virtuais
- Lixo

O_Teclado

- Tipos de teclado
- Distribución do teclado
- Teclado alfanumérico
- Teclado de edición
- Teclado de desprazamento
- Teclado numérico

Trabalho_escritorio-Parte_1

- Facer/Desfacer iniciadores rápidos
- Crear/Abrir/Pechar cartafois
- Crear/Abrir/Editar/Pechar documentos

Trabalho_escritorio-Parte_2

- Modificar documentos existentes
- Traballar con máis dun documento de vez
- Distintos xeitos de pechar un documento
- Distintos xeitos de pechar unha aplicación
- Pechar sen gardar
- Pechar ventás

Trabalho_ventas

- Redimensionar xanelas
- Desprazamento de xanelas

Docendo discimus

- Escritorios virtuais

Anexos

Anexo 1

Esquema de emprego do presentador Logitech Cordless 2,4 Ghz Presenter™

Anexo 1

Logitech - Cordless 2.4 GHz Presenter™



Uso do temporizador:

1. Prema o botón de axuste (timer) para activar o temporizador na pantalla LCD. (Manter premido o botón pon o tempo a 0:00)
2. Cada vez que se preme no botón de axuste (timer) engade 5 minutos ao temporizador.
3. Cinco segundos despois de fixar o tempo a pantalla deixa de escintilar e comeza a conta atrás..
4. Durante a conta atrás premendo no botón de axuste (timer) engade máis tempo
5. Cada cinco minutos o presentador vibra brevemente, a mesma advertencia repítea dous minutos entes de esgotar o tempo. Cando o tempo se esgota o presentador vibra dúas veces.